

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE CAIXEIROS NAS FACHADAS DOS INMOBLES CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa pola instalación de caixeiros nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública, dacordo co artigo 20.1 a) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias de caixeiros automáticos e demais aparatos de que se sirven as entidades financeiras para prestar os seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.
2. A obriga de contribuir nace polo outorgamento da concesión da licenza administrativa ou dende que se realice o aproveitamento si se fixera sen a correspondente licenza.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que se sinalan no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria a cuio favor se outorguen as licenzas ou quenese beneficien do aproveitamento, si se procede usen a oportuna autorización e en calquer caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios dos edificios ou locais onde se ubiquen os aparatos ou caixeiros obxecto desta Taxa.

ARTIGO 3.—EXENCIONS

Non se concederán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais, na cuantía que por cada un deles se conceda.

ARTIGO 4.—COTA TRIBUTARIA

1. O valor da taxa fíxase tomando como referencia o valor que tería no mercado o aluguer dun metro cadrado do terreo necesario para a realización da actividade,
2. A cota tributaria da Taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte.
3. A cota anual por caixeiro a pagar será: 480 euros.

ARTIGO 5.—NORMAS DE XESTIÓN:

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza para a súa instalación e formular declaración na que conste a ubicación do aproveitamento.
2. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións cando proceda.
3. Unha vez concedida a licenza ou se realice o aproveitamento sin terse outorgado aínda aquela, o Concello xirará a liquidación tributaria que corresponda, sen que este feito presupoña a concesión de licenza algunha.



4. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel en que se retire a instalación. Xunto coa declaración, o suxeito pasivo deberá acompañar a licenza expedida polo Concello para suprimir fisicamente o apartado.

A presentación da baixa surtirá efectos a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte ao da efectiva retirada do caixeiro automático.

Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa coas especificacións anteriores, determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

ARTIGO 8.—PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuio caso, o período impositivo axustarase a esta circunstancia co seguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comenzo do aproveitamento especial. Asimesmo, e en caso de baixa por cese no aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producirá o aproveitamento citado.
2. Nos sucesivos exercicios, a taxa liquidarase por medio de Padrón de cobro periódico por recibo, nos prazos que determine, cada ano, a Corporación.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓN E SANCIÓN:

1. En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comenará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.— A 1ª Tte. de Al Calde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández.

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL.

O Pleno do Concello en data de 15 de maio de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza Reguladora do Prezo Público por Utilización do Auditorio Municipal.

O expediente someteuse a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.º 109, do 7 de xuño de 2012, e máis no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións.

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2012, procedeu á resolución das reclamacións presentadas en tempo e forma, e en consecuencia, aprobou definitivamente a ordenanza que de seguido se publica co seu texto íntegro, que entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: